

Unha pinga de esperanza

O aire pesaba coma o chumbo naquelas mañá de finais de marzo de 1847. Xa non era o frío o que me facía tremer mentres recollía a pouca leña mollada que quedaba preto da casa senón ese profundo oco no estómago que xa non doía, só roía. Moitos chamábanlle fame, pero para nós era como unha negra sombra que xa non nos deixaba nin durmir. No meu falar, só vivía unha sensación de soidade e desolación que se facían notar a cada palabra que os meus beizos pronunciaban. Con tan só dezaseis anos, sentíame máis preto da morte do que nunca imaxinara.

Entrei na cabana e o cheiro a humidade golpeoume con forza. Mirei cara á lareira, apagada e fría coma o noso corazón, alí, apoiado nela, estaba Bastián, o meu irmán pequeno, co mesmo aspecto enfermizo e pálido ca min. Mirábame cos seus ollos pequenos e cun reflexo, aínda, de esperanza. Bastián tiña os dedos dunha cor laranxa por estar ralando as pólas das árbores, e intentar, deste xeito, enganar o dente. Cando pensei que non ía dicir nada, cun suave fío de voz preguntou:

—Ofelia, haberá broa hoxe?

O silencio que seguiu a súa pregunta, serviu como resposta. Eu sabía que no noso hórreo, ao igual có dos nosos veciños, só quedaba o eco do vento, dende que levaron o noso millo para o comercio cos ingleses.

Despois diso, depositei a madeira que conseguín debaixo da lareira, e cando me xirei veume á mente un lixeiro recordo que, por un intre, agasalloume cun gran de esperanza e felicidade. Enriba da mesa da cociña, vin o libro que a miña avoa e mais eu liamos todas as noites antes de durmir, obsequioumo polo meu catorce aniversario, uns meses antes de que esta terríbel crise a levase con ela. Para min, a miña voa, por parte de pai, representaba o amor e a sabedoría en persoa. Xunto a ela, mantiña conversas serias, algo que me enchía de ledicia, xa que os adultos adoitaban excluírme dos seus entornos, poñendo por escusa a miña idade. Con ela, trataba temas coma o que esperaba eu da miña vida, ou o que me depararía o futuro cando cumprira a maioría de idade. Ela sempre dicía así:

—Ofelia, nena dos meus ollos, xa sei que isto se che queda pequeno. Eu levo vivindo aquí os meus oitenta e sete anos de vida, entendo o que sentes. Cando eu era unha cativa era coma ti, con soños por diante e recunchos por descubrir, pero vou a dicirche algo e quero que escoites coas orellas ben abertas: Mentres non poidas saír de aquí, podes viaxar coa lectura. Viaxa, Ofelia, viaxa, xa que non hai fronteiras nos libros, non hai impedimentos.

Esas conversas coa miña avoa, quedaron no máis profundo do meu corazón, agochadas, pero oxalá se fixeran realidade.

Tras experimentar estes intres de recordo, dirixinme directamente cara á porta, xa que non aguantaba a bomba de sentimentos que me traía á mente a meu propio fogar. Coa excusa de que tiña que ir á praza da vila para coller auga da fonte, saín a fume de carozo sen mirar atrás, nin sequera ás olladas cansas que o meu irmán e o meu pai, me botaron dende o máis profundo do seu peito. Baixei costosamente as escaleiras da vila, pero pareime en seco, case chegando á fonte municipal cando nunha das casas, coa porte arrimada pero o suficientemente aberta para escoitar as conversas, fixeime nun grupo de mulleres falando:

—Xa non podemos máis con todo isto, os nosos nenos están a morrer, e non só eles —dicía unha.

—Os homes de diñeiro están a facer o que queren con nós, venden o noso millo, esas escasas boliñas douradas que temos como último recurso para vivir —explicou outra.

—Son os nosos cultivos, o único que temos tras esta crise que nos abarca e acaba con todos —escoitei replicar a outra muller.

—Pero o peor non é iso, senón que llelo venden aos ingleses para sacar eles beneficios, en vez de mirar polo noso ben, o ben da nosa terra —protestou unha entre a multitude.

—Xa está ben! —berrou unha muller de avanzada idade— que vos queixedes non serve de nada. Temos que facer algo, e pronto.

—O que? —responderon varias voces ao unísono.

—Unha revolta, chamarémola “A revolta do millo” —soltou a muller que probablemente levaba o mando do asunto.

Nese intre, a porta cerrouse, seguramente algunha das integrantes das que se atopaban alí dentro, decatouse da miña presenza e pechase por mor a que alguén estivera espiando esa importante e seria conversa.

Ese día, xa na cama, ou máis ben no duro colchón con patas de ferro que se incrustaban nas miñas omoplatas, estivo dándolle voltas e voltas á cabeza ao que escoitara aquela tarde. Sería verdade? Farían esas mulleres unha revolta? Non o tiña claro, pero xa que a miña mente estaba xa chea de preocupación, lembreime do libro que vira ese día na

mesa da cociña e estiven pensando nel, rezando para que, algún día, todo o que poñía nese libro e o que a miña avoa me contaba, se fixera realidade.

Pasaron unhas semanas, e eu xa case me esquecera daquela curiosa conversa entre as mulleres máis vulnerables da vila. Pero un día pola mañá, antes incluso de que o galo cantara, escoitei fortes ruídos provenientes da praza, non sabía o que eran, pero non o ía perder. Dun chimpo, saltei da cama. Vestín as miñas prendas, como non, máis parecidas a trapos que a outra cousa e saín rapidamente para descubrir o que pasaba.

De novo, cun oco profundo no estómago e pasos cada un máis matador que o anterior, debido á debilidade das miñas pernas, baixei as escaleiras e, cando cheguei á praza principal da vila de Carril, observei algo que nunca imaxinara. Alí, no medio, estaban as aproximadamente vinte mulleres ás que escoitara falar semanas antes, pero non só elas, moitas máis. Tamén había homes, si, pero estaba claro quen mandaba aí. Todas elas, estaban a lanzar pedras contra os barcos que, supoño, zarparían en momentos breves se non fora por ese acontecemento tan inesperado.

Escoitábanse berridos de protesta, tales como: “ese millo é noso, non tedes dereito!”

Cun pouco de medo polo que estaba a presenciar, adentreime na multitude, e observei que incluso había algunhas das mulleres que conseguiran sacar algúns dos sacos de millo do barco e estaban a rachalos para meter, en bolsas, eses milagres dourados que poderían asegurar a nosa subsistencia.

Nese intre, notou que a súa visión se desvanecía nun segundo, quedándose en branco, ao notar que un golpe impactaba contra a miña cabeza. O último que recordei dese momento, foi ver a un montón de mulleres loitando a pedradas, e a outras en estado de desesperación pola poza de sangue, que probablemente proviña da miña cabeza.

Espertei, polo que me dixo a xente, dous días máis tarde. Estaba tumbada nunha estreita cama, no que parecía un convento de monxas, non moi grande, pero con algunhas camas para atender os enfermos e lisiados. Cando abrín os ollos, vin a unha muller duns sesenta anos, vestida completamente de negro e cun mandil branco por riba da longa saia. O primeiro que eu preguntei foi:

—Onde estou. Que pasou co millo? —balbucín.

—Estás ben rapaza, estás a salvo. O millo tamén está ben, esas mulleres tan loitadoras conseguírono. Por medo a unha matanza, os capitáns dos barcos zarparon pola noite, pero baleiros.

Cunha Iledicia que non me cabía no peito, observei que na sala tamén estaba Bastián, o meu irmán, e o meu pai. O primeiro que puideren pensar nese momento foi que, ao mellor, o meu futuro non estaba tan perdido como eu pensaba e que, polo momento, seguiría lendo, seguro que agora non cun sentimento de culpa nin dor. A partir dese momento, leríaos coa esperanza de que algún día os libros que lía, poderían semellarse á vida que eu quería para min, e comezar a trazar así o meu propio camiño.

Bastián acercóuseme cun sorriso na face, e eu, leda de poder velo e de que semellase estar ben (algo que non vía en moito tempo nel), díxenlle:

—Bastián, xa temos broa na casa!